

De acordo co previsto na base sexta da Resolución de 27 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca o concurso-oposición libre para o ingreso nas diversas clases de persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, de 23 de outubro, o tribunal cualificador do concurso-oposición da clase de FARMACÉUTICOS INSPECTORES DE SAÚDE PÚBLICA, acordou anular as preguntas nº 8, 11 e 45 do segundo exercicio da fase de oposición substituíndoas polas preguntas nº 46, 47 e 48. A anulación das preguntas indicadas baséase na seguinte motivación:

Pregunta 8

Apréciase polo Tribunal que ningunha das respostas se corresponde cun "método de desinfección" tal e como o recolle a lexislación. A resposta que se dá como correcta no cadro provisional de respostas –D-- constitúe un método de esterilización.

Pregunta 11

Pódese entender, a xuízo do Tribunal, que existen dúas respostas correctas; a C –dada provisionalmente como correcta-- e mais a B, pois segundo o artigo 5º e mailo Anexo III do Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose (BOE núm. 171, do 18 de xullo), e mais a guías técnicas, emitidas polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, sobre o mencionado control da lexielose nas instalacións, tamén podería ser igualmente correcta a resposta "B".

Pregunta 45

Estima o Tribunal, trala lectura das reclamacións recibidas, que a redacción do enunciado, tal como foi formulada a pregunta, pode inducir a erro en canto a se a "frecuencia das tomas de mostras de superficies" figura expresamente establecida no Regulamento (CE) ao que fai referencia a pregunta.

O Presidente do Tribunal,

Ramón Martínez Blanco

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and lines, positioned below the printed name of the President of the Tribunal.